



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANA DE BERGANTIÑOS

*Mesa de Contratación permanente do Concello de Cabana de Bergantiños como órgano de apoio ao órgano de contratación de Pleno*

#### ANUNCIO MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS COMO ÓRGANO DE APOIO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DE PLENO.

Pola presente faise público que mediante acordo plenario de 30 de novembro de 2023 determinouse a constitución e composición da Mesa de Contratación permanente do Concello de Cabana de Bergantiños como órgano de apoio ao órgano de contratación de Pleno . Transcríbese literalmente a parte resolutiva do acordo:

**Primeiro.**– Constituir a Mesa de Contratación permanente do Concello de Cabana de Bergantiños, como órgano de apoio ao órgano de contratación de Pleno ( ou Xunta de Goberno por delegación), para os procedementos de licitación, nos procedementos abertos, abertos simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, con expresión do nome, cargo ou debido a que desempeñan, así como o réxime de suplencia, para as funcións previstas na citada Lei e no seu desenvolvemento regulamentario, así como nas demais normas complementarias, concordantes e específicas sobre a materia

**Segundo.**-Designar como membros da Mesa de Contratación Permanente, como órgano de apoio ao órgano de contratación de Pleno, ás seguintes persoas

Presidente: alcalde: José Muiño Domínguez . Suplente: concelleiro: Carlos Allo Cundíns

Vogais:

Vogal 1. Interventora do concello : Dona Patricia Chas Filgueiras. Suplente: a persoa que ocupe a intervención accidental: María Yolanda Imia Antelo.

Vogal 2: Secretaria do concello: dona María Garrote López.Suplente: Secretaria accidental: funcionaria, María Cristina Candal Rey.

Vogal 3: AEDL, personal laboral: Silvana Facal Martínez. Suplente: técnico informático municipal. personal laboral: Javier Lozano García.

Secretario: funcionaria : María Cristina Candal Rey. Suplente :Ana Belén Santos Ferreira, funcionaria interina

Todos os membros da Mesa de Contratación terán voz e voto, excepto o Secretario, que actuará con voz pero sen voto.

**Terceiro.**–O presente acordo surtirá efectos desde o día seguinte o da súa adopción para aqueles procedementos de contratación nos que aínda non estivera designada Mesa de contratación ad hoc, sen prexuízo da súa publicación no Perfil del Contratante do Sector Público e no BOP da Coruña.

**Cuarto.**–Trasladar aos interesados.

**Quinto.**–Dar conta do presente acordo á Xunta de Goberno Local

En Cabana de Bergantiños, a 1 de decembro de 2023.

O Alcalde,

José Muiño Domínguez.